



## ACORDO POLO QUE SE FAI PUBLICA A SELECCIÓN DUN GALP E DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO E DE ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA 2014-2020

O 16 de abril de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a orde do 6 de abril de 2015 pola que se fixo pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

O 31 de xullo de 2015, por resolución da Conselleira de Medio Rural e do Mar, seleccionáronse 7 asociacións candidatas quedando por seleccionar candidato na zona correspondente aos municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

O día 22 de xaneiro de 2016 a Conselleira do Mar, á vista da proposta de resolución do Comité de Selección, resolveu a selección dos GALP e aprobación das EDLP, con indicación dos territorios cubertos e asignación do orzamento indicativo previsto para aplicar as EDLP. Como resultado do proceso quedou cuberto todo o ámbito territorial de actuación elegible de acordo co anexo I da orde do 6 de abril coa excepción dos municipios nos que non se seleccionou candidato.

O 14 de xuño de 2016, de acordo coa posibilidade prevista no artigo 4.5 da orde do 6 de abril de 2016 e facendo uso da posibilidade recollida no artigo 33.4 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convocaba un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial vacante.

O 16 de setembro de 2016 foi seleccionada por resolución da Conselleira do Mar a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur como candidata a GALP no territorio integrado polos municipios de Sada, Bergondo, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo para preparar a EDLP, así como o financiamento indicativo que correspondería á axuda preparatoria. A asociación formalizou un convenio de colaboración coa Consellería do Mar para a elaboración da estratexia e dispuxo de apoio preparatorio.

A asociación candidata presentou ante a Consellería do Mar a súa estratexia o día 2 de decembro de 2016.





O 31 de xaneiro a Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, á vista da proposta de resolución do comité de selección, resolveu a selección da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur e a aprobación da súa EDLP, con indicación do territorio cuberto e asignación do orzamento indicativo previsto para aplicar a EDLP. O GALP desenvolverá as funcións descritas no artigo 34.3 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e outras que lle poidan ser delegadas.

Visto o exposto, esta dirección xeral ACORDA

Facer público o resultado da selección da organización candidata a GALP conforme ao seguinte:

ORGANIZACIÓN	Asociación "Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur"
NIF	G7184494
ZONA PESQUEIRA (ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (MUNICIPIOS))	Sada, Bergondo, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo
ORZAMENTO TOTAL DA EDLP	4.000.000 €

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

